


# Altamira



**CONCELLO DE BRION**

MAIO-88

ANO III

Nº 10

- **O EQUIPO DE ANIMACION CULTURAL:** primeira experiencia en Galicia
- **R. OTERO PEDRAYO:** representa o nacemento da narrativa galega
- **A INDUSTRIA DE BRION:** poucas empresas pasan dos tres empregados
- **SERVICIOS SOCIAIS:** convocatoria de axudas para 1988

## SUMARIO

EDITORIAL.....	2
ENTREVISTA: Equipo de Animación Cultural.....	3-4
ACTUALIDADE: Día das Letras Galegas.....	5
DOSSIER: A industria do Concello de Brión.....	6-7
NOTICIEIRO.....	8 a 12
LEMBRANZAS: Poetas da Casa de Altamira.....	13
PASATEMPOS.....	14

### Director:

Xoan R. Pais Andrade

### Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso  
Afrodisio J. Montero Vieites  
Xosé Freire Caamaño  
Xácobe Pérez Paz  
Dora Mirá Pérez  
Luciano Pena Andrade  
María Xosé Moldes Pose  
Xosé Caramés Vázquez

## EDITORIAL

*Neste número de ALTAMIRA vai unha boa mancha de temas que, dun xeito ou doutro, fan referencia á nosa realidade cultural: entrevista de presentación do equipo de animación cultural, glosa do día das letras galegas, o artigo sobre os poetas da Casa de Altamira, noticias sobre actividades teatrais dos mozos dos Anxeles, etc.*

*Isto danos adaxe para traer á portada unhas reflexións —inda con perigo de que parezan demasiado teóricas— sobre o que ten que se-la verdadeira cultura.*

*¿De quen dicimos que é unha persoa culta? A Unesco —o organismo dependente da ONU para a educación e a cultura— di que "TEN CULTURA A PERSOA QUE COÑECE O MUNDO EN QUE VIVE E E CAPAZ DE INFLUIR DE ALGUNHA MANEIRA NEL".*

*Son logo dúas cousas:*

*Primeiramente, "coñece-lo mundo en que vivimos"; isto é, ter un nivel de instrucción aceptable nas distintas áreas e non só unha instrucción "teórica", de saber por saber, senón adquirir aqueles coñecementos que nos poidan axudar a ter unha comprensión certa dos problemas do noso entorno.*

*Hai quen cre ter cultura porque meteu moitos datos na cabeza; ese non é un home culto, é un almacén ambulante. Destes dicimos que teñen "cultura bancaria".*

*A verdadeira cultura non se queda só na noticia, no dato; ten que ir máis ó fondo: hai que sabe-las cousas, pero sobre todo sabe-lo seu porqué, as súas circunstancias e as súas consecuencias.*

*"Coñece-lo mundo en que vivimos" quer dicir coñecer sobre todo o noso mundo inmediato no que nos desenvolvemos: a nosa aldea, a nosa parroquia, a nosa Terra... E coñece-la nosa Terra é coñece-la nosa historia, a nosa xeografía, a nosa maneira de ser, o noso folclore, os nosos problemas e a nosa lingua.*

*Cada país, cada grupo humano, foi desenvolvendo ó longo da súa historia colectiva unhas pautas de comportamento, unha maneira de entende-la vida e de facerlle frente ós seus problemas, uns xeitos de divertirse e de relacionarse cos demais que constitúen a súa propia cultura: Galicia creou a súa cultura, que temos que coñecer e tamén amar, porque o amor é a forma máis sublime de coñecemento.*

*Quédano-lo segundo aspecto da cultura, se cadra, máis importante có primeiro: "ser capaces de influir de algunha maneira no mundo en que vivimos". É dicir: persoa culta é aquela que sabe cómo soluciónalos problemas que lle afectan ó seu entorno.*

*Ter cultura, de algún xeito, é ser solidario co que pasa ó noso alrededor, estar abertos ó mundo.*



## O EQUIPO DE ANIMACION CULTURAL: primeira experiencia en toda Galicia

**É** moi posible que os nomes de Pablo, Anxo, Alicia, Cristina, Esther, María, M.<sup>a</sup> Xosé e Eduardo lle digan moi pouco ós veciños de Brión. Se a pregunta lla fixeramos á xente nova, xa é máis probable que souberan que este grupo de xóvenes forman o primeiro equipo de Animación Cultural que se establece en toda Galicia.

Por dous anos consecutivos veremos a estes xóvenes moi a miúdo polas nosas parroquias reuníndose coa xuventude e máis levando adiante diversos proxectos de animación cultural segundo o convenio asinado polo noso Concello e a Universidade de Santiago.

Pablo Meira Cartea é un xoven licenciado en Pedagogía na moderna especialidade de Intervención Socio-educativa, que encabeza este equipo de animación cultural como o seu Director Técnico.

P.— Poderíanos, en primeiro lugar, explicar un pouco cál é o contido da túa especialidade en Intervención Socio-educativa licenciatura de Pedagogía.

R.— En primeiro lugar, sinalar que a especialidade en Intervención Socio-Educativa é moi nova, pois acaba de comeza-la segunda promoción, e, ademais, a Universidade de Santiago é a primeira de toda España en incorporala ós seus plans de estudos.

O contido dos estudos desta especialidade na licenciatura de Pedagogía é a de formar pedagogos que poidan atender todos aqueles procesos educativos que se dan fóra dun ámbito estritamente escolar como poden ser: animadores culturais dos concellos, atencións de marxinados sociais, servizos de drogodependencias, servizos sociais, educación ambiental, departamentos municipais de educación... etc.

P.— O voso equipo de animación cultural xurde dun convenio entre a Universidade e o voso Concello, ¿cal é na actualidade a túa vinculación coa Universidade?

R.— A miña vinculación coa Universidade está establecida a traveso dunha beca de investigación sobor destes temas da miña especialidade na que está incluída esta nova experiencia que

estamos a levar no Concello de Brión.

P.— Dentro do Equipo de Animación Cultural do Concello ti ére-lo seu Director Técnico, ¿Cáles son as funcións deste cargo?

R.— As funcións do cargo de Director Técnico que eu ocupo nestes momentos son, en primeiro lugar, a xeración e seguimento do plan de traballo, logo está a elaboración e difusión da documentación, avaliación do traballo e, finalmente, a formación da xente de prácticas.

P.— A parte do Director Técnico, o Equipo de Animación conta con un Coordinador que é Anxo Barreiros, estudante do quinto curso da mesma especialidade, ¿Cáles son as túas funcións?

R.— (Anxo) As miñas funcións son concretar e aplica-lo plan de traballo, detecta-las deficiencias ou problemas que poideran xurdir, coordina-los recursos e facilita-la comunicación e as relacións coa Comunidade.

P.— Alicia, Cristina, Esther, María, M.<sup>a</sup> Xosé e Eduardo, todos xóvenes estudantes do 5º curso de Pedagogía, son os seis animadores que completan o equipo; ¿Cáles son os seus cometidos dentro do Plan de Traballo?

R.— (Anxo) As funcións destes animadores e compañeiros consisten en traballar xa sobre o terreo buscando o contacto directo cos individuos e a Comunidade. Ademais deben detectar e estudia-los posibles fallos.

P.— ¿Cómo naceu a idea deste programa de animación xuvenil que estades a desenrolar no Concello?

R.— (Pablo) O poñer en marcha na Facultade de Pedagogía a especialidade de Intervención Socio-Educativa houbo que poñerse en contacto con diversas institucións para poder levar adiante o programa de prácticas dos alumnos.

P.— ¿Poderías contarnos un pouco como foron os primeiros contactos coa mocidade do Concello?

R.— (Pablo) A fase inicial do programa de Animación Cultural consistía nunha primeira toma de contacto coa xente para logo realizar un diagnóstico dos resultados. Estas primeiras reunións que se fixeron por parroquias tiveron mellor resposta nos nenos menores de catorce anos que nos de máis idade; a xente de máis anos está máis ocupada e é máis reacia a todo tipo de iniciativas.

P.— ¿A que credes que é debido esta falta de interese dos mozos de máis idade?

R.— (Anxo) A xuventude rural de máis de catorce anos xa ten unhas pautas culturais e sociais establecidas e ademais xa ten fixada a maneira de distribuí-lo



tempo libre e unha visión do mundo bastante establecida. Iso dificulta bastante o establecemento de relacións con xente nova.

P.— Entón, dentro do voso programa de actuación, ¿cáles son os plans de actuación con este sector da xuventude?

R.— (Pablo) O atopar estas dificultades, o primeiro que fixemos foi replantexa-lo tema tomando como primeira medida a redución do contacto coas parroquias a dous días, venres e sábado, e por zonas, a de arriba e a de abaixo. En segundo lugar pensamos traballar con este sector de xente ó traveso de sistemas de Educación de adultos como pode se-lo establecemento dunha Aula de Cultura Permanente.

Cando falamos do plan de educación de adultos non nos estamos referindo ás antigas campañas de alfabetización, referímonos máis ben ó desenrolo de temas como poden ser: a planificación familiar, o traballo no medio rural, etc.

P.— Xa referíndonos ó outro sector da xuventude, rapaces menores de catorce anos, ¿cáles son os proxectos que tendes deseñados?

R.— (Anxo) Para o sector máis pequeno da xuventude o núcleo principal de traballo céntrase fundamentalmente coa colaboración coa escola. Isto obedece a unhas razóns de peso; en primeiro lugar, o Colexio considérase a institución máis importante en canto a influencia inmediata sobre os rapaces. En segundo lugar, entendemos que é a forma máis fácil de acercarse a eles e, ademais, sempre que se trate de nenos, non se pode ignora-la escola.

Por outra banda, hai que supera-lo concepto restrinxido de escola; hoxe día a escola enténdese coma algo que se desenvolve máis alá dos seus propios muros.

P.— Suponse que esta nova concepción de "escola" non é de dominio xeral e é posible que se atopen reticencias por parte dalgún sector do profesorado, ¿cómo tendes pensado inicia-lo contacto coa escola?

R.— (Anxo) Para inicia-lo contacto coa escola hai que buscar, en primeiro lugar, a apertura de vías de entendemento entre o noso equipo e os profesores. Logo chegar á elaboración dun programa conxunto de colaboración. Este programa, a modo de proposta, pasa por varias liñas de actuación: Realización de guías e itinerarios didácticos, busca de renovación pedagóxica abrindo a escola ó traballo de campo e razonando as cousas sobre o terreo; é dicir, buscar unha metodoloxía activa. Este traballo coordinado insírese logo na programación do profesorado.

En segundo lugar, estaría a preparación de paquetes de material como pode se-la elaboración de medios de investigación de campo, o acceso a documentos históricos. Para levar adiante todo isto, o Concello facilitaría os recursos necesarios.

P.— A parte dos obxectivos puramente educativos, ¿qué outros tendes marcado dentro do voso programa con estas actividades?

R.— (Pablo) Aparte do valor educativo en si mesmo que teñen todas estas actividades, buscamos conquistar algún grupo de alumnos acabe interesándose por algún tema concreto, e a partir de ahí, ilos orientando para que cristalicen nalgún grupo de traballo e, ó mesmo tempo, irles suministrando todo o necesario.

P.— Con respecto ós pais, ¿tendes algunha función concreta para eles dentro do programa?

R.— (Anxo) Loxicamente os pais son uns elementos fundamentais en tódolos procesos educativos e é necesario contar con eles sempre. En concreto temos pensado en primeiro lugar, aproveia-la súas vivencias para ir construíndo e coñecendo a historia local. En segundo lugar, para a realización dun estudio acerca dos costumes, lendas, tradicións.

P.— Fálanos un pouco dos programas que tedes en marcha.

R.— (Anxo) Seguindo unha liña dentro da educación ambiental, temos organizado unha primeira "Viaxe arredor do Concello" na que pretendemos que nenos e xóvenes poidan coñecer determinadas zonas do Concello en profundidade.

Ata agora só se levou a cabo un que lle puxemos de nome "O Camiño Francés" e no que tivemos unha asistencia regular con quince rapaces aínda que esperabamos sobre trinta.

(Pablo) Nesta mesma liña de educación ambiental tamén temos pensado a creación dun "Taller de coñecemento do medio" que consistirá na creación dun grupo de xente de catorce a vinte anos que logo poida desenvolver este mesmo tipo de actividades nas súas parroquias respectivas.

P.— ¿Cómo vedes as relacións entre a xuventude do Concello?

R.— (Pablo) A falta de actividade cultural dentro dun Concello ven determinada fundamentalmente pola falta de grupos, que son en definitiva (pola dependencia que xenera nos seus membros e a vinculación que crea respecto ós seus proxectos) os que despertan todo tipo de dinámicas culturais dentro dunha comunidade.

P.— O parecer tendes pensado tamén traballar con vídeo e con teatro,

¿Cómo pensades introducir estes medios na xuventude?

R.— (Anxo) Respecto ó vídeo aínda hai dificultades; de confirmarse esta posibilidade trataríase de formar monitores que dominen este novo medio técnico. En canto ó teatro, ou animación teatral como nós lle chamamos, búscase xerar un grupo de xente que acabe dominando unhas técnicas base de expresión teatral; é dicir, que adquiran unha serie de recursos que lles permitan máis tarde poñer en práctica outras ideas, como pode ser, por exemplo, preparar actividades de animación para organizar festas por motivos ocasionais: Antroido, día da Paz, día do medio ambiente... etc.

P.— Outra actividade que tendes en marcha e a da Viaxe ós Ancares; fálanos un pouco da mesma.

R.— (Pablo) Esta viaxe ós Ancares prevista para finais do mes de maio, recolle uns contidos que están dentro do que xa falamos antes e que chamamos educación ambiental.

P.— ¿Qué outras cousas tendes en proxecto?

R.— (Anxo) Tendo en conta que o obxectivo prioritario do noso programa é a promoción comunitaria a traveso da mellora socio-laboral dos xóvenes, tanto a nivel da súa cualificación técnica como da calidade do traballo, para o ano que ven temos pensado poñer en marcha un programa de orientación educativa en colaboración cos profesores. Para iso, estamos a facer un estudio sobre o padrón de habitantes para sabe-lo nivel educativo e a situación laboral da xuventude dende os 14 anos ata os 25.

P.— ¿Con qué problemas vos atopastes?

R.— (Pablo) O principal problema é que este convenio ten unha duración só de dous anos. Despois de isto hai que trata-la de estabiliza-lo grupo de traballo a traveso de subvencións da Consellería de Cultura, do Departamento de Servizos Sociais da Consellería de Traballo, e tamén, do Fondo Social Europeo para a promoción do emprego xuvenil. En definitiva, dotar presupostariamente o equipo unha vez remate o convenio co Concello.

Secundariamente é a pouca infraestructura de medios e instalacións de que dispoñemos. Atopámonos con unha realidade moi precaria; por poñer un exemplo, temos unha magnífica Casa da Cultura pero aínda está sen equipamento ningún.

P.— Gracias polas vosas respostas.

R.— A vostedes.

## ● Representa o nacemento da narrativa galega

# Don RAMON OTERO PEDRAYO



"...de camiño se perde o sentido do tempo no presidio, sobre todo para un rapaz paisano, fondamente envolto na vida cósmica do campo, e para quen as horas sinálanse pola altura do Sol ou o alongamento da sombra, a primaveira polo cantar do cuco, o outono pola inexplicable sorrisa dos campos e esa luz tremente, dourada, que arrepía o ser nun pracer extraño e doroso..."

**N**aceu este escritor o 5 de marzo de 1888 en Ourense, na mesma casa onde, 88 anos despois morrería. Casa na que tamén naceu o seu compañeiro de xeneración artística: VICENTE RISCO e preto onde vivía outro persoaxe do galeguismo: LOPEZ CUEVILLAS. Eles formaron o grupo ourensán que aportaría moito á evolución do nacionalismo galego.

Rematado o seu bacharelato, plantéxase os estudos universitarios e ven para Santiago.

Continúa os seus estudos en Madrid onde remata de estudar filosofía na sección de Historia e Dereito.

E Madrid toma contacto tamén co grupo de intelectuais galegos que tratan sobre o atraso económico de Galicia e falan desde as páxinas das Revistas de Estudos Galegos". O Xornalista Antón Vilar Ponte recolle esta chamada ó galeguismo e xurde a Primeira Irmandade da Fala, na que se xuntarán tódolos líderes: Vilar Ponte, Porteiro, Risco, Viqueira. Estes compoñentes das Irmandades serán intelectuais e profesionais; non habería nin obreiros nin campesiños, e propóñense demostra-la necesidade que ten Galicia de ter unha Aunotomía social, económica e política con respecto a

España.

Con este ideario preséntanse ás eleccións xerais de 1918. Otero Pedrayo participa vencellado a Irmandades, pero fracasa. Dase conta o lonxe que están as súas ideas das do pobo. Ante este fracaso orientan o movemento hacia a Cultura e xunto con Risco, e Cuevillas funda a revista "NOS".

Esta revista "NOS" vai ter moita importancia para a Cultura galega e para a Sociedade galega xa que, a traveso dela, poido ter noticias do aconceter cultural europeo.

Ó proclamarse a segunda república, funda, xunto con Vicente Risco, o Partido Nacionalista Republicano en Ourense polo que se presenta candidato ás Cortes saíndo deputado.

A Guerra Civil cortará toda a súa actividade política. No plano profesional, sepáranos da súa cátedra e dano de baixa como catedrático; tiña 48 anos.

Ós 62 anos gaña a cátedra de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago. Estes últimos anos da súa docencia lémbraos como "felices" por poder impartir-las clases, asistir ás tertulias cos novos galeguistas (Ramón Piñeiro, García Sabell) e incorporarse á promoción de xóvenes estudantes da chamada Xeneración "La Noche".

Ós 77 anos xubilase, e volta a América, dá conferencias, viaxa, publica, recibe premios, homenaxes... Destaca a homenaxe que recibiu en Santiago en 1968 co gallo de cumprilos 80 anos.

No seu testamento legou o pazo de Trasalba a Galicia, hoxe sé da Fundación Otero Pedrayo.

### PERFIL LITERARIO

A obra literaria de Don Ramón Otero Pedrayo representa o nacemento e madurez da novela galega. Cultivou tódolos xéneros pois, ademais de narrador, foi: articulista, biógrafo, dramaturgo, orador, ensaísta e poeta.

A narrativa foi o xénero que máis cultivou e no que acadou máis éxito. Publica no ano 1925 "PANTELAS: HOME LIBRE" obra na que adianta o que serán os dous grandes protagonistas do seu mundo novelesco: O Fidalgo e a Paisaxe.

Don Ramón Otero Pedrayo foi fundamentalmente historiador e xeógrafo, preocupándose de comprender a evolución da sociedade galega, sobre todo ó longo do século XX.

Pero quizais o mellor de Otero Pedrayo está naquel que soubo revivir o máximo mundo da Idade Media. Na súa obra "A ROMARIA DE XELMI-REZ", fixo o xesto simbólico de redimir a toda a Literatura que non tivemos os galegos dende o século XV ó XIX.

O teatro de Don Ramón é tamén moi variado. Se ALGARADA é unha traxedia na que a vendima e o viño fan agroma-la forza das paixóns máis elementais (a cobiza e a luxuria), o DESENGANO DO PRIORIO é unha comedia na que se misturan os vivos e os mortos cuns diálogos satíricos en contra do novo comercio de caixas de mortos, industria asentada na zona do Ribeiro.

A actividade poética de Pedrayo é froito da improvisación. En certa maneira é unha prosa versificada recollida no libro BOCARRIBEIRA, no que o tema fundamental é a paisaxe

Don Ramón é, en fin, o grande narrador da nosa Literatura galega. Sen embargo, é un autor indisciplinado, incapaz de corrixir unha soa liña. Por iso, ó lado de grandes acertos, aparecen as vulgaridades máis absolutas. Tense dito que a única maneira de valorar con xusticia a Pedrayo é a través dunha selección das súas obras literarias, sobre todo as obras narrativas, porque Don Ramón pode ser un escritor comparable a calquera dos grandes escritores europeos deste século en moitas páxinas, pero tamén pode ser un autor deleznable en outras.



# A INDUSTRIALIZACION DE BRION

- A maioría das empresas non pasan dos tres empregados
- As parroquias dos Anxeles e Bastavales concentran as tres cuartas partes de toda a Industria do Concello

DISTRIBUCION POR RAMAS



EMPREGADOS



EMPRESAS



Dende fai pouco máis dun século a revolución industrial trouxo como consecuencia, ademais duns profundos cambios nas relacións sociais, políticas, económicas e sociais, unhas marcadas diferencias entre as Comunidades, reflexadas exclusivamente no seu grado de desenrolo industrial, e que sinalan sen ningunha dúbida, o seu nivel de benestar ou atraso.

Desde sempre, aquí como en tantas partes de Galicia, cando sobra xente no campo, non quedaba máis ca un camiño: emigrar cara outros países ou cara a cidade: alí era onde se concentraba a industria que ía absorbendo os excedentes de man de obra do campo.

Xente no campo sobrou sempre, pero —iso sabémolo ben—, agora máis ca nunca. Mais, pouco a pouco, a emigración foi secando; noutros países xa non nos queren e o emprego das cidades leva anos en crise. Logo, é tempo de vira-los ollos cara o noso entorno inmediato para ver qué nos pode ofrecer. Este é o obxecto dese traballo: analiza-la situación industrial do noso Concello.

## OS ANOS DA CRISE

A crise económica de finais dos anos setenta ensañárase ca nosa comarca. Todos recordamos o desmantelamento das mellores industriss: a fábrica de ladrillo refractario en Bastavales, as de taboeiros e de prefabricados da Picaraña, os serradeiros de Portanxil e un de Sabaxáns, etc., etc. Nun prazo de tres anos perdéranse ó redor de 400 postos de traballo na bisbarra.

Na actualidade estase dando un fenómeno que ben podería ser alentador. A nivel xeral, comeza a verse unha crecente preferencia das pequenas industrias pola súa instalación no medio rural.

Unido a isto, hai unha recuperación —moi patente no noso municipio— da edificación de vivendas: ben de emigrantes que retornan, ben de xente da cidade que elixe a aldea para fixa-la súa primeira ou segunda residencia. Isto ven favorecido polas campañas da Administración a prol da rehabilitación de vivendas.

## OS DATOS DA SITUACIÓN ACTUAL

Imos, logo, cos datos da industria no noso municipio. Advertimos que aquí só tivemos en conta as empresas domiciliadas no termo municipal de Brión. Sen embargo, non se pode esquecer que Brión cae na área de influencia de Santiago e esta cidade absorbe moita man de obra de Brión; o mesmo fai, inda que en menor grado, Negreira e incluso Ames e Padrón.

Cómpre tamén recordar que aquí non tratamos do sector terciario: aqueles establecementos que prestan calquera tipo de servizos ó público, dos que hai 90 no noso municipio, dándolle emprego a 105 persoas.

Para este traballo —por razóns lóxicas— non podemos dispoñer dun dato fundamental para unha avaliación axeitada do sector, cal é o do volume de facturación de cada empresa. Alomenos queda advertida a falla.

O panorama industrial de Brión —segundo se pode observar nos gráficos que se achegan— non é certamente moi próspero: 65 empresas con 5 operarios cada unha por término medio. Cáseque a metade adicanse a actividades relacionadas ca construción e hai só once que acadan os dez operarios; 19 non teñen máis operarios que o titular e a metade do total non pasan de tres empregados.

Imonos demorar un pouco nas distintas ramas da produción:

**CONSTRUCCION.**— É aquí onde se concentra a meirande parte de empresas e de empregados. Contamos 22 empresas de albañilería cun total de 97 empregados. 7 albañiles traballan independentes e só catro empresas acadan os 10 operarios.

Relacionados ca construción, hai dous electricistas sen empregados e outra empresa eléctrica con 10 opera-



rios. Só coñecemos un fontaneiro que traballa pola súa conta (outras empresas fan traballos de fontanería, adicándose tamén a outras tarefas). Hai unha fábrica de preparados de formigón con 10 empregados, tres de pintura, unha de chanzos (escaleiras) e acábbase de imprantar unha de cantería de 16 empregados.

**METAL.-** Hai catro talleres de reparación de vehículos que dan traballo a 15 persoas. (Propiamente, esta actividade entraría no sector de servicios, pero consideramos incluíla aquí polas súas características). Existen tamén tres forxas de ferreiros con oito empregados.

**MADEIRA.-** Os dous serradeiros de madeira existentes empregan 60 persoas; un deles ten "astilladora" e é o que máis persoal emprega e incluso a de maior volume de facturación do municipio. Hai pouco que se instalou unha fábrica de biomasa, que aproveita os refugallos forestais para produción de leña.

Existen 8 carpinterías, con 45 empregados; só unha delas conta con 21 postos de traballo. Unha elabora carpintería de aluminio.

**ARTESANIA.-** Agrupamos neste apartado a aquelas empresas que, pola singularidade dos produtos que elaboran e os métodos tradicionais utilizados, merecen o calificativo de "artesanaís". Hai catro cereiros, un fogueteiro con tres empregados e un zoqueiro.

**ALIMENTACION.-** Fábricas de alimentos só poidemos rexistralas

panaderías. Existen dúas que lle dan traballo a 8 operarios.

**CONFECCION.-** Hai unha cooperativa de confección en Bastavales que lle dá traballo a 15 mulleres. Hai tamén unha ducia de talleres de modistas distribuídos polas distintas parroquias.

#### A INDUSTRIA POR PARROQUIAS

Da estadística queda clara cal é a zona industrial do noso municipio: Os Anxeles e Bastavales concentran as tres cuartas partes da industria, e destas, son Sabaxáns, O Tremo e Alqueidón os lugares preferentes. Os Anxeles conta con 25 empresas e Bastavales 22, pero as desta última empregan a 161 persoas fronte ás 108 do Anxeles. Bastavales conta cas empresas de maior número de empregados: hai tres de 15, unha de 21 e outra de 40.

As parroquias da zona alta do municipio —as máis agrícolas— reúnen só o trece por cento das industrias e o oito por cento do emprego.

Chama a atención a minguada taxa de industrialización da parroquia de Brión, a pesares de se-la capital do Concello e de ter unha poboación semellante ás parroquias de Bastavales e Os Anxeles. Curiosamente é a parroquia de máis emigración.

#### A INDUSTRIALIZACION ENDOXENA

Un dato que quixemos comprobar foi a capacidade da nosa industria local de transformación das materias primas das que nós dispoñemos. Isto é

o que os especialistas chaman "industrialización endóxena" (de "endo" —dentro— e "genus" —nacer—). A importancia de que se instalen industrias no medio rural non ven dada só porque lle dean traballo ós que vivimos nel, senón para que transformen e lle dean saída ós produtos do campo. O que se necesitan aquí son industrias que transformen o leite, a carne, as hortalizas, a madeira, etc.

Tocante a este aspecto, as únicas industrias de Brión relativamente baseadas no "potencial endóxeno" da zona son as da madeira. Especial espectación despertara a recentemente instalada en Bastavales de biomasa; máis aínda non deu mostras da súa consolidación.

Hai tamén outra que está en proceso de montaxe, adicada a introducir na construción o granito do que tanto abundamos e que pode ter boas perspectivas de mercado pola súa beleza e fácil laboreo.

#### CONCLUSIONS

Primeiramente, hai que recoñecer que Brión está pouco industrializado, pero non tan pouco que nos faga perde-lo optimismo. Nun concello eminentemente rural como é o noso, sen un núcleo de poboación importante que o defina e de a cabalo entre dúas cabeceiras de comarca, menos mal.

Tamén pode ser un signo de esperanza o feito de que as dúas últimas empresas de certa envergadura por número de empregados que se instalara no termo municipal estean baseadas no "potencial endóxeno" de que falabamos.

En xeral, constátase unha certa recuperación despois dos anos da crise: nos últimos cinco anos instaláronse quince novas empresas en Brión, que crearon 65 postos de traballo.

Brión pode e debe aspirar a máis. A súa proximidade a Santiago, a súa facilidade de comunicacións e unha aceptable abundancia de certas materias primas posibilitan o seu despegue industrial.

Cando as industrias comezan a moverse da cidade cara o campo, Brión non debería quedar fóra da movida.


Canto levamos dito non nos pode facer perde-la perspectiva da situación xeral de Galicia. Sería intrascendente que en Brión houbera quince ou vinte industrias de máis ou de menos se no noso arredor dispuxeramos dunha explotación racional das nosas riquezas. A realidade é que, se Galicia ven padecendo un atraso secular, se Galicia sigue sendo "un país rico de xente pobre", é porque aínda non entrou nun proceso equilibrado de industrialización.

PARROQUIAS	EMPRESAS		EMPREGADOS	
	nº ou cantidade	%	nº ou cantidade	%
Os Anxeles	25	36,23	108	32,05
Bastavales	25	36,23	161	47,77
Boullón	1	1,45	1	0,30
Brión	8	11,60	40	11,87
Luaña	3	4,34	11	3,26
Ons	1	1,45	6	1,78
San Salvador	1	1,45	1	0,30
Viceso	5	7,25	9	2,67
<b>T O T A I S</b>	<b>69</b>	<b>100%</b>	<b>337</b>	<b>100%</b>

O Concello de Brión, aínda que a agricultura representa a maior porcentaxe da súa economía, na actualidade está experimentando un forte pulo industrial co asentamento de pequenas industrias relacionadas moitas delas coas grandes áreas industriais e económicas de Santiago, Negreira e Padrón.

# NOTICIEIRO

## Excursión da xuventude do noso Concello á Serra dos Ancares



Palloza e hórreo de Piornedo

A Serra dos Ancares recibiu durante os días 26, 27 e 28 de Maio unha excursión organizada polo Concello de Brión. Esta actividade encádrase dentro do Plan de Animación Cultural que se desenvolve acualmente en colaboración coa Universidade

de Santiago. Nela participaron 31 xóvenes de diferentes idades e 4 monitores pertencentes ó Equipo de Intervención Socio-Educativa que actúa no Concello.

A pesares do tempo inesta-

ble leváronse a cabo diferentes actividades entre as que destaca o itinerario ata o cumio de Tres Obispos e o bosque de acibros de Cabana Vella. No transcurso da mesma púdoose comproba-la riqueza faunística e forestal da Serra dos Ancares: coñecelas

formas de percibi-la presenza do fuxidio porco teixo, do raposo ou do corzo, comprende-la complexa variedade de especies no bosque ancarés: carballos, acibros, arces, bidueiros, abeleiras... O domingo pola mañá visitouse a aldea de Piornedo, considerada de orixe prerromán e que é o punto habitado a maior altitude de Galicia. Olla-lo mundo interior ou asombrarse do seu tellado de colmo —palla de centeo entrelazada— e dos muros de cachotes de grá sen ventáns para aillarse da dureza invernal, amosaba unha forma de vida rural moi diferente á das terras de Brión.

A intensa actividade tamén deixou tempo para o xogo colectivo e o descanso no Albergue do Clube Ancares, no que transcorreron as xornadas. A tristura cando a viaxe remataba deixará paso a novas lediciosas experiencias nas que seguir atopando a diversidade do noso País, da nosa cultura e, sobor de todo, o sentido colectivo e solidario entre os xóvenes de Brión.

## Iniciadas as obras da Travesía de Brión



Transforma-la estrada estreita, e desfeita, nunha vía ampla con aceiras e alcantarillado era un dos soños máis acariñados polos veciños de Brión, e que están a ver como se está facendo realidade pouco a pouco coas obras iniciadas hai uns meses.

As obras da Travesía de Brión iniciadas hai pouco máis dun mes e que teñen un prazo de seis meses para o seu remate están a dotar a esta localidade dunha importante infraestrutura urbana ademais de dotar a ambos marxes da calzada de cerca de mil cincocentos metros de aceira.

Estas obras, que estarán financiadas en partes proporcionais pola Dirección Xeral de Tráfico, A Excm. Deputación Provincial e o Concello de Brión, contarán ademais coa aportación da Compañía Telefónica que, aproveitando a apertura dos canles para a colocación da rede de sumidoiros, procede-

rá ó tendido soterraño das súas liñas e que se lle adjudicou á mesma empresa que levará a cabo todo o proxecto.

Esta obra, moi esperada e desexada por tódolos veciños, transformará a estreita estrada que cruza a nosa capital do Concello, por onde diariamente circula un intenso tráfico pesado destinado maiormente ó tráfico comercial de madeira, nunha auténtica travesía que solucione os graves problemas sanitarios que supón a falta de alcantarillado, así como os serios perigos que representan para os peatóns e veciños de Brión os desprazamentos diarios pola beira da estrada estreita e sen aceiras.

A infraestrutura urbana coa que se dotará a localidade de Brión con presuposto que se acerca ós trinta millóns de pesetas e que abarca dende o depósito de auga ata a curva da "Buratiña", preto de mil douscentos metros, contará ademais con ampliación do ancho da calzada, coa construción de aceiras a ambos marxes, mellora na dotación do alumado, acooplamento da rede de sumidoiros, así como a total substitución da antiga traída de augas

## Final da liga do Tambre

Co partido final da Copa, xogado o día 17 de abril, rematou a temporada da Liga e Copa do Tambre 87-88.

O Concello de Brión estivo representado nesta competición polos equipos de Cornanda e Ons, que, xunto con Aro, Brandomil, Cando, Corneira e Liñeiro, formaron o grupo que disputou a sétima Liga e, ó seu remate, a quinta Copa do Tambre.

Como ven sendo tristemente habitual, tamén este ano houbo que contar ca retirada dun equipo, o de Liñeiro, cando tan só se levaba disputada a primeira volta da Liga, baixa que logo se repetiu na Copa.

Respecto do papel feito polos dous equipos representantes do noso Concello, Cornanda ocupou o quinto posto na clasificación final da Liga, non participando na Copa. Por outra parte, o equipo de Ons conseguiu realizar unha grande campaña acadando o primeiro posto nas dúas competicións, sumando deste xeito 5 ligas gañadas das sete disputadas e catro copas.



# NOTICIEIRO

## Novas axudas para reparación de casas vellas

As casas que normalmente consideramos vellas e que moitas veces tendemos a derrubar para construír no seu lugar outras de ladrillo e cemento, constitúen unha das maiores riquezas do rico Patrimonio Arquitectónico galego escasamente valorado e menos aínd protexido.

Estas axudas xa tiveran moi boa acollida no noso concello no anterior Plan Catrienal, pois acolléronse a elas ó arredor de 30 vivendas.

Hai dous tipos de axudas, que se poden pedir xuntas ou separadas:

### 1. PRESTAMOS A BAIXO INTERESE.

Esta axudas están convocadas polo MOPU, aínda que as xestiona a Xunta de Galicia. Consisten en préstamos a un interese que anda no sete e medio por cento e un prazo de amortización de ata 15 anos e cunha contía que depende do presuposto da obra.

Para acceder a este tipo de axudas, esíxese —entre outras condicións— que a vivenda a rehabilitar teña máis de 15 anos de antigüidade, unha superficie útil entre 30 e 90 m<sup>2</sup>... que o presuposto pase de 400.000 pts. e que se vai adicar a vivenda habitual e permanente do interesado. Non se permite o derrubamento das fachadas nin a alteración da súa estrutura.

### 2. SUBVENCIÓNS A FONDO PERDIDO.

Acábaas de convocar a Xunta (Decreto 102/88 da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, de 21 de abril, publicado no DOG do 23 maio 1988)

Segundo os ingresos do solicitante, as subvencións poden chegar ata o 30% do presuposto da obra e a vivenda ten que adicarse tamén a domicilio habitual do solicitante.

Neste caso esíxese que a vivenda leve construída máis de dez anos.

O concello dispón de información sobre a tramitación das peticións.

Consideramos moi interesante esta liña de axudas para rehabilitación de vivendas, non só polas facilidades que ofrecen para que todos poidamos acceder a unha vivendas dignas e confortables, senón polo que indican dunha nova sensibilización da Administración ante a preservación do noso patrimonio histórico.

## Excursión a San Andrés de Teixido coa 3.<sup>a</sup> Idade

San Andrés de Teixido representa uns dos fenómenos culturais e relixiosos sen parangón no mundo enteiro. O santuario enclavado nos escarpados acantilados do Cabo Ortegal é todo un símbolo do culto á morte que tan fonda raigame ten en Galicia.

Ca excursión realizada a San Andrés de Teixido o pasado 28 de maio comezaron as actividades culturais que o Concello ten programadas especificamente para a terceira idade durante este ano.

Houbo moita participación: fixeron falla catro autocares para acomoda-las 230 persoas maiores de 65 anos que madrugaron para visita-lo Santo de Teixido a onde "vai de morto quen non vai de vivo".

Ás dez da mañá xa estaba a expedición en Mugardos para face-la travesía de Ferrol en barco. Para moitos foi a primeira viaxe en barco da súa vida. Houbo quen se temeu a deixar de pisar firme e seguiu en coche a Ferrol; outros recordaron emocionados os anos da fame en que "serviron" no castelo de San Felipe ou nas baterías de monte Faro.

Desde Ferrol pegóusenos unha mala compañeira que non nos deixou ata ben entrada a tarde: a chuva, que nos augou a festa, e nunca mellor dito.

Ca preocupación por atopar un lugar cuberto onde xantar, asistimos á misa en San Andrés da man de D. Alejandro de Bastavales, baixámo-lo Santo e collémo-lo camiño de Cariño, onde a boa disposición do Alcalde do novo Concello (hai escasamente un mes que éste se creou segredado do de Ortigueira) nos procurou acomodo para o xantar no restaurante Bahía: a amabilidade desta xente foi extraordinaria.

Pola tarde visitamos Viveiro e Villalba.

A chuva foi culpable de que tiveramos que acurta-la ruta e así tivemos que deixa-la maior parte da Mariña Luguesa, a fábrica de cerámica de Sargadelos, a cidade episcopal de Mondoñedo e parte da Terra Chá.

Co entusiasmo dos participantes neste primeira viaxe, quedou comprometida para o verán unha saída algo máis longa, de tres días, por terras de Asturias e Covadonga.

## Festa da Froita e Romería Internacional

O programa da FESTA DA FROITA deste ano xa está bo de artellar: o día sinalado é o 30 de xullo, que cae en sábado. Ese día, como xa ven sendo tradicional desde hai anos, Brión vestírase de festa para recibir ós varios milleiros de festeiros que con tal motivo nos visitan. Non desmerecerá o programa deste ano respecto dos anteriores. Máis ben cremos que pouco a pouco se vai gañando en calidade.

A cartela de grupos folclóricos extranxeiros está formada polos seguintes: LANY, da



A Romería Internacional ten nos números ofrecidos por distintos grupos artísticos de diferentes partes do mundo, cargados de ritmo e exotismo, maior atracción do seu espectáculo artístico-musical.

Universidade de Poznan (Polonia); Ballet Nacional do SENEGAL; un grupo sen concretar de HUNGRIA; outro grupo de EUZKADI —BETI JALAI A-

LAI—, seleccionado entre os mellores polo propio Goberno Basco. Como sempre, actuará tamén a Escola de Gaitas e Danza do noso Concello.

Pola mañá haberá deportes populares, nos que intervirán equipos euzkeras de tronzadores de troncos, ergedores de pedras, competidores de txingas e competidores de corda.

As casetas que se abren pola mañá na carballeira de Santa Minia ofrecerán mostras de artesanía africana, basca, mexicana, extremeña e galega, gastronomía basca, extremeña e murciana, sen esquecer os produtos cántabros nin a cerámica de Buño ou os produtos lácteos e viños galegos.



## Novos palcos de música

A música, dende milenios, está asociada á Cultura humana, de tal xeito que tódolos pobos a traveso desa manifestación artística, expresaron a esencia máis sublime do seu espírito creativo.

O noso concello está acometendo a instalación de palcos de música polas parroquias. Respóndese así a unha necesidade repetidamente expresada polas comisións de festas e ó interese da corporación municipal por apoia-las iniciativas das parroquias.

Acábanse de construí-los de Ons e Bastavales e para as festas do verán pénsase contar cos dos Anxeles e Luaña. O primeiro é de formigón e responde a un deseño convencional dos palcos de orquesta actuais; os demais están pensados cun criterio máis artístico de liñas clásicas, ca idea de ennobrecer-las monumentais en que se asentán.

O tema dos quioscos ou templete de música é un dos máis gratos da arquitectura en ferro do século XIX. Deseñados na súa maioría polos arquitectos municipais, tal coma o maravilloso templete de Santiago.

Estes eran fabricados en Bilbao ou Vitoria e posiblemente



O palco da parroquia de Bastavales construído recentemente posúe unhas características arquitectónicas que o fan merecedor dunha gran admiración. Efectivamente, tanto polos materiais empregados (pedra e madeira) como pola súa estrutura, encaixa perfectamente no entorno artístico do adro da igrexa e capela do Carme.

en talleres de fundición por localizar na propia Galicia.

É interesante comprobar como estes templete, que a primeira vista se parecen todos entre si, posúe cada un deles características singulares. Uns érguense sobre zócalos de pedra

que conteñen debaixo dependencias, servicios ou aseos, e noutros casos, cun asento corrido ó seu arredor.

A mesma decoración das dúas barandas ou antepeitos ou cenefas é do máis variado, con temas de instrumentos musicais (liras, pentagramas, etc.). Todos estes elementos que configuran a súa fráxil arquitectura distribúense por catálogo e as casas europeas espallaban os seus modelos, solicitándose por encargo as pezas para a súa construción; máis axiña saíron habelenciosos competidores no noso país que ofreceron os seus propios produtos.

A ralidade é que pouco a pouco foron desaparecendo e, con eles, unha das nosas señas de identidade, que hoxe, por sorte, tencionamos recuperar.

Templete de ferro, arquitectura de matices, espacioso aberto que garda outro espacioso, espacioso escultórico con tintes modernistas, barrocos, neomudéjar ou ecléctico, lugar de reunión e contemplación, punto de encontro, arquitectura sutil, compañeiro dun pobo que quer seguir bailando e cantando ó seu arredor.

## Día Comarcal do Catecismo parroquial

Unha das realidades que xa teñen entidade propia na Amaia é o Día Comarcal do Catecismo.

Unha data que comezou sendo de nenos e para nenos, pouco a pouco foise convertindo nunha data importante do calendario para a maior parte dos maiaños: vellos, mozos e nenos.

Este ano cúmprese xa dez anos desde que no frondoso adro de Ortoño se iniciara esta experiencia.

O motivo foi o Ano Internacional do Neno. "Co gallo do ano internacional do neno, os rapaces do catecismo das parroquias que configuran o fermoso val da Amaia, xunto con outras limitrofes, queremos xuntarnos para proclama-los nosos dereitos nun ambiente de festa e fraternidade cristián". Así reza-ba o primeir programa.

Ó seguinte ano repetiuse no mesmo sitio pola placidez do lugar e magnífico éxito. A partires de ahí, comeza a súa

andaina: Brión, Os Anxeles, Luaña, Urdilde, Bastavales, Bugallido, Ames e este ano, outra vez Os Anxeles, son testigos desta festa entrañable.

É un día de festa. Todos tratan de pasalo ben. Inténtanse vivir uns elementos claves do cristianismo: a ledicia, a unión, a fraternidade, o compartir; compartir non soamente o pan da merenda, senón e sobre todo os afáns culturais dos nenos de cada parroquia.

O protagonista é o neno. Dá xenio ver como rapaciños das nosas aldeas actúan en pequenas obras teatrais, moitas veces escritas ou adaptadas por eles mesmos.

É unha ledicia ver como tocan, cantan bailan e xogan a tope.

Coido que non é esaxerado dicir que é unha das maiores manifestacións culturais que se dan no mundo rural, con unha calidade que para si quixeran outros grupos con maiores medios e de extracción social máis elevada.

## Adxudicación do Colexio de Viceso

O Colexio de Viceso dende tanto tempo esperado, parece que por fin vaise facer realidade e nun prazo de tempo bastante curto. En seis meses está estabrecido o prazo de execución das obras que foron adxudicadas recentemente a unha empresa constructora.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, acordou a construción dun colexio de EXB en Esparis-Viceso.

Disto xa dera conta ALTA-MIRA e o asunto levaba anos agardando que alguén o sacara do limbo dos xustos das promesas electorais.

Este grupo escolar constará, segundo o proxecto, de oito aulas para rapaces de E.X.B. e dúas aula para os de ensino preescolar, que representará, en números, uns 320 nenos de E.X.B. e 80 de preescolar.

Agrupará ós rapaces de Viceso, Ons, Luaña e Cornanda, que na actualidade asisten ós colexios públicos de Brión e

Negreira. Isto levará a que os rapaces se encontren máis pretos das súas casas e non teñan tanto que viaxar, pois é un prexuízo físico e mental para os nenos pasar nalgúns casos unha hora andando no coche para ir á escola.

O presuposto da obra é de 103.752.630 pesetas e cun prazo de terminación de cinco meses e medio.

As empresas que se presentaron á licitación foron: Termac, Cubiertas y MZV, José Malvar, Padín, Fontenla, Ramírez, Martínez Núñez y Tegasa, Dragados y Construcciones, Congasa, Wat-Calor e Ocisa.

Acabamos de coñecer-la adxudicación, que lle corresponde á empresa RAMIREZ.

# NOTICIEIRO

## Teatro na parroquia dos Anxeles



As parroquias, en Galicia, aínda conservan, sobre todo no medio rural, ese elemento referencial co que se identifican a maioría dos veciños. Non é, por tanto, casual que sexa precisamente nestas entidades onde xurdan as principais manifestacións culturais.

Os mozos dos Anxeles acaban de poñer en esca a peza de teatro "A XUSTICIA DO MUÑEIRO". O éxito foi clamoroso.

Fixérono posible un grupo

de rapaces e outros non tan rapaces amantes do teatro e a cultura, dirixidos polo párroco D. Antonio V. Ferreirós e foi unha de tantas actividades culturais que se realizan na

parroquia.

Alguns dos actores tiveron unha boa aprendizaxe cando de nenos participaban nas representacións que se facían no Día do Catecismo.

Os ensaios consumíronlles moitas noites, renunciando a outras cousas, pero pagou a pena, porque demostraron que a cultura non é un couto fechado de xentes con copete; demostraron que é posible supera-las imposicións desta sociedade de consumo, na que todo se nos dá feito, sen que nós poidamos facer outra cousa máis que asentir e consumir pasivamente o que se nos impón. Estes mozos e mozas dos Anxeles demostraron que a mellor participación na cultura é aquela na que un é protagonista. Eles fixeron todo: escaerío, trama, efectos especiais...

A obra que representaron, da autoría de Varela Buxán, é unha obra clásica na súa disposición e sinxela na súa forma e nela destaca a paisaxe, o amor a Galicia e tenro humorismo.

Ademais da súa estrea nos Anxeles, xa a levaron a Brión e a Ons... e están dispostos a seguir.

## POR CORREO

Estimados amigos:

Son un veciño deste Concello, concretamente da parroquia dos Anxeles, quizais algúns de vos xa me coñecedes.

Aínda que son un gran admirador da vosa revista, teño que escribivos esta carta para amosa-la miña disconformidade pola editorial do nº 9 da revista que saíu ó público no mes de Febreiro. E dóeme de verdade facelo canto tiña pensado ser un colaborador máis da mesma, incluso teño preparado un artigo sobor do tema do alcoholismo en Galicia, tema ó que me adico na miña profesión e que vos teño pensado enviar, agardando que teñades a amabilidade de publicalo.

¿E, cal é o motivo desa disconformidade? Pois, nin máis nin menos que o terceiro párrafo da editorial no que o redactor dá a sensación de non entender que a revista e para tódolos veciños do Concello, e non só para os de ideoloxía política de esquerda e sobre todo dá a sensación de non entender que persoas que somos de dereitas podemos sentirnos ofendidos polo que escribe. E eu preguntome: ¿de verdade vostede cre que o pobo galego é "atrasado cultural e economicamente" porque libre e democráticamente escolleu unha opción política e determinada? Se en verdade vostede cre que é así, por unha banda está ofendendo a quen votou esa opción e por outra banda está ofendendo ó pobo galego en xeral, por chamalo inculto, ou ¿é que só son cultos os que votan a esquerda?

Xa por último quixera, para rematar, dicirle ó redactor da editorial que eu, sendo militante de Alianza Popular, non me considero ningún cacique, e segundo que lembre vostede que, agás as eleccións municipais nas que sempre gañou a Candidatura Galega Independente, na que coído que hai xente de tódalas ideoloxías, o partido maioritariamente votado no noso Concello nas demáis eleccións é precisamente Alianza Popular. ¿Son por tanto a maioría dos veciños de Brión "incultos"?

Pregarialle, ou ben que publiquen esta carta nun próximo número ou ben se faga unha rectificación do mencionado párrafo.

Fdo. Gonzalo López Méndez

## A publicidade enganosa na venda ambulante de libros

A venda ambulante desgraciadamente é un sistema que cada vez máis está a introducirse no medio rural galego.

Como unha mostra máis do que, baixo o título de "As vendas ambulantes: un tipo de negocio con gran risco de fraude" dicíamos no anterior número de Altamira, recentemente na localidade de Brión o noso alcalde interviu nunha reunión de veciños convocada por unha descoñecida Editorial que se autodenomina "Grupo E. OCEANO" para solicitarlle ó seu promotor o permiso de venda ambulante necesario para exercer dita actividade comercial dentro do municipio. Tra-la primeira sorpresa do representante do mencionado "Grupo E. OCEANO" que baixo esta denominación disimula moi ben a súa intención mercantil dentro do texto da convocatoria que lles cursou ós asistentes, e o recoñecemento expreso de non dispoñer do solicitado permiso de venda ambulante, o alcalde rogoulle, amablemente, que deixase inme-

diatamente de vender libros.

A maior preocupación que afortunadamente existe na actualidade no mundo rural galego pola educación dos fillos, xunto co gran descoñecemento do contido e utilidade de moitas enciclopedias ou manuais, fai que ultimamente as familias rurais galegas sexan practicamente asediadas por multitude de vendedores ambulantes con poucos escrúpulos que lles introducen numerosas obras descoñecidas pola súa escasa calidade e elevado precio.

Na opinión de moitos alí presentes, que manifestaban o seu desagrado polo tipo de engano a que se recorriu para convocar á xente, os sistemas que ultimamente veñen utilizando toda esta xente, allea totalmente ó Concello, para reunir ós veciños falándolles dunha subvención e duns regalos, sen mencionarlles para nada que se

trataba dunha venda de libros, contén varios supostos que se recollen na Lei de Defensa dos Consumidores nos termos de "PUBLICIDADE ENGANO-SA".

Efectivamente, para convocalos veciños a esta xuntanza fíxose por medio dunhas cartas que, baixo a aparencia de telegramas certificados e urxentes, foron dirixidos polos representantes a preto de mil cincocentos veciños das diferentes parroquias do Concello.

Na "carta-telegrama" se lle decía que foran "elixidos para ter opción a unha subvención especial" rogándolles que "para maior información" se dirixisen "coa súa señora" no día e hora sinalado a un bar de Brión.

Sen explicar en ningún momento do que se trataba en concreto, ofrecían que ó finalizar dito acto serían obsquiados con un reloxo deportivo de cabaleiro e unha pulseira "EN ORO" para a súa dona, que en realidade resultaban ser unhas auténticas baratillas.



# NOTICIEIRO

## Axudas para a agricultura

A entrada de España no Mercado Común Europeo trouxo como consecuencia un importante prexuízo para o Campo Galego, moi atrasado nos sistemas de produción e moi lonxe aínda dos niveis de calidade e precio que ofertan os outros países integrados na Comunidade Europea dende hai anos.

Unhas trinta liñas distintas de axudas son as que na actualidade ofrece a Consellería ós agricultores para mellora do sector. Algunhas xa viñan funcionando e outras acaban de ser convocadas.

De todas elas, quizais as máis amplas sexan as que se canalizan a traveso da Reforma Estructural da Producción Leiteira (REPLE), que subvenciona cáseque todo tipo de investimentos (maquinaria, instalacións, gando, etc.). Para isto, esíxese ter un mínimo de 11 vacas ou unha produción anual superior ós 30.000 litros de leite.

Agora sae unha novas liña (REPLE-XUNTA), que ven a ser como as "rebaixas do REPLE", pola que se poden acoller a estas axudas as explotacións que baixen das once vacas.

Só se esixe te-lo saneamento feito ou solicitado e estar inscrito no R-1.

Outra liña de axuda é a que subvenciona a adquisición de maquinaria en común: esíxese un mínimo de tres socios que estean afiliados á Seguridade Social e que a maquinaria sexa nova. Subvenciona entre o 30% e o 40% do investimento.

Unha liña de axuda moi interesante é a que poden conseguir aqueles agricultores que non superen o millón e medio de pts. de renda anual e que se canaliza a traveso do AMPE (Alternativas de Mellora de Pequenas Explotacións). Subvenciona ata un 30% con un máximo de 2.000.000 de pts. os investimentos que vaian encamiñados a mellora-la rendabilidade das explotacións e que se poidan

considerar como actividades complementarias (invernadoiros, cultivos de flores, etc.).

Hai outras axudas máis específicas que se canalizan a traveso de asociacións de agricultores, como poden se-las de mellora da calidade do leite, as granxas colaboradoras da mellora xenética, etc.

Para o sector forestal hai tamén unha partida de axudas que van desde a prevención de incendios, fomento do asociacionismo, mecanización forestal,...

Hai tamén axudas para fomenta-la gandería extensiva (animais de carne: vacas, ovellas, cabras e bestas), para reconversión de viñedo híbrido, para apoia-lo asociacionismo xuvenil, etc.

Finalmente, convocouse unha nova liña de apoio que ofrece a realización de concentracións parcelarias privadas.

O prazo para solicitar a maioría destas axudas remata no mes de setembro.

Estes días a Axencia de Extensión Agraria de Negreira está realizando reunións polas parroquias para explicar estas axudas. Nas axencias teñen toda a información que se precise e son tamén as encargadas de tramita-las solicitudes.

Estas axudas son necesarias; pero hay quen lle pon unha chata de que non significan unha programación integral do desenvolvemento agrario galego e que funcionan máis coma remendos dun sector que está pedindo un traxe novo. Por outra banda, ás veces o que se consegue é meter a xente en gastos que non lles van a ser rendables. Con frecuencia nas axencias de extensión agraria quéixanse de que a xente, en vez de ir a pedir consello para facer unhas explotacións máis rendables, o que vai é a preguntar que subvencións hai.

## Servicios Sociais:

### CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA 1988

Orde do 24 de Maio de 1988, publicado no D.O.G. nº 74, do 20 de Abril de 1.988, polo que se convocan axudas individuais, non periódicas, para minusválidos, terceira idade e persoas que se encontran en situación de emerxencia social.

#### AXUDAS A MINUSVALIDOS.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

- persoas que teñan unha minusvalía recoñecida e que precisen do servizo para o que se concede a axuda.
- ser menores de 65 anos.
- hai outros requisitos específicos para algunhas axudas.

#### AXUDAS A TERCEIRA IDADE.

#### Beneficiarios

- pensionistas de xubila-

ción da seguridade social. —non pensionistas da seguridade social, maiores de 65 anos que non superen o salario mínimo interprofesional como renda familiar "per capita".

#### AXUDAS A PERSOAS QUE SE ENCONTREN EN SITUACION DE EMERXENCIA SOCIAL.

#### Beneficiarios.

- persoas que se atopen en circunstancias de grave necesidade
- persoas que non perciban, nin teñan dereito a percibir, prestación ningunha da Seguridade Social ou calquera outro medio económico para remedia-lo estado de emerxencia.

Para máis información acudir ó departamento de servizos sociais do concello. Aberto tódolos luns e os primeiros martes de cada mes.

## I Curso de Iniciación de Monitores ó Baloncesto



A potenciación deste deporte nas zonas rurais serve para extende-la práctica do mesmo á maior base de xente posible e, ó mesmo tempo, desperta-la afección para poder ter equipos de categoría que nos representen.

Durante os días 13, 14, 15 e 20, 21 22 do mes de maio estiveronse a desenrolar no Colexio de Brión unhas xornadas de baloncesto nas que os mozos do noso Concello e mailos arredores tiveron a oportunidade de realiza-lo primeiro curso de Iniciación a

monitores.

Ó finalizar este curso todos aqueles asistentes que tiveron un bo aproveitamento das clases redibidas recibirán un título de iniciación a Monitores que, logo, os capacitará para poder dirixir entrenamentos e equipos de nenos de diferentes idades.

## Poetas da casa de ALTAMIRA (II)



### RODRIGO OSORIO DE MOSCOSO

Entre unha pleiade de versificadores aristocráticos do CANCIONEIRO GENERAL —edición de 1511— ós que Menéndez Pelayo non lles concede máis recomendación que o ilustre dos seus títulos e apelidos, e o feito notorio da inquietude intelectual, que distinguía á nobreza española daquel século, singulariza o insigne erudito "polas súas elevadas aspiracións poéticas" ó segundo conde de Altamira, Don Rodrigo Osorio de Moscoso. As poucas composicións debidas ó seu nome, que recolle a famosa compilación de Hernando del Castillo, exhalan saber e garbo en tódolos xéneros poéticos en boga: Poesía amorosa, burlesca e moral.

Pero non se esgota aquí a obra do vate de Altamira. A crítica de hoxe por de pronto impútalle a continuación dun poema inconcluso de Jorge Manrique, que o celebrado poeta castelán estaba a compoñer, alternando o exercicio da guerra co da poesía, cando o sorprendeu a morte. E sona que entre as súas roupas acháronse dúas estrofas.

Dende o século XIII os días das doridas trovas de Maclás "O Namorado", a flor da cortesía trovadoresca é a lírica galaico-portuguesa. Aquel lizgaio dicir do amor idealizado, que constitúe un dos factores máis decisivos nos rumbos do espírito medieval, ten na pluma do noso conde poeta acentos delicados e conceptuosos, como os desta copla:

Ante ti el seso mio  
Siente tantos alborozos  
De turbado.  
Pero cuando va el judío  
Por el monte de Torozos  
Al mercado.

(No monte de Torozos soía cumprirlos seus cruentos cometidos á *S. Hermandad*)

O verso fácil das cancións, en que imita expresións hiperbólicas dos poetas do CANCIONEIRO DE BAE-NA:

*Del infierno el mayor mal  
Dicen que es no ver a Dios  
Luego el mío es otro tal  
Pues no espero ver a vos*

Vilancicos de agradable sinxeleza, glosados despois en coplas de Nicolás Núñez, como o que enceta

*Vivir yo sin ver a vos  
No quiero, ni quiera Dios.*

Unha PREGUNTA e unha ESPARZA completan a temática amorosa da súa poesía.

Ensaia a burla e a sátira nunha FARSA.

O fito máis excelso da súa creatividade poética e intelectual lograríao na composición dun diálogo entre el *sentimiento y el conocimiento*, "elegante y sutil" —en palabras do autor da "Historia de las ideas estéticas en España"— escrito en quintilas, forma estrófica, utilizada esporádicamente nas cantigas galego-portuguesas e de uso normal no s. XV.

Nun intre de crecente manifestación humanística aflora neste poema moral a alusión erudita. Citando a Séneca intercala o seu discrepante matiz de neoplatónico renacentista cás ideas democráticas do glorioso pensador cordobés:

*Tiene Séneca por ley  
—Aunque en esto no lo alabo—  
Que no hay sangre de esclavo  
Que no haya sido de rey  
Y de rey esclavo al cabo.*

A figura de Don Rodrigo Osorio de Moscoso inscribese nese número selectivo de trovadores do CANCIONEIRO GENERAL. O libro poético, que máis influxo tivo na poesía española do Século de Ouro.

Escolmamos aquí algunhas das estrofas, con que continuou o poema de Manrique. De nobre factura, ben engarzadas nun discurso teolóxico terso e fluído, con nidia intención ascética cristiá.

*Son las glorias y deleites  
que en este siglo prestado  
más placen  
unos fingidos afeites  
que con viento muy delgado  
se deshacen.  
De ti, mundo, nos quejamos  
con razón y causa fuerte  
pues que vemos  
que continuo te tratamos  
y antes de conocerte  
te perdemos.*

*La gruesa sensualidad  
de este cuerpo ponderoso  
que traemos  
impide la claridad  
del espíritu glorioso  
que tenemos,  
y hasta ser divididos  
cada cual de estos extremos  
sobre sí  
no pueden ser conocidos  
los secretos que creemos  
que hay en ti.*

*Así que ninguno espere,  
en tanto que desterrado  
y ausente  
de aquella gloria estuviere,  
que ningún humano estado  
le contente.  
Quejarnos mientras vivimos  
de este mundo no sería  
con razón;  
mas de nos, porque seguimos  
los deseos que nos guía  
su afición.*

Benito Salvado Martínez



**LA VASCO NAVARRA**

SOCIEDAD ANÓNIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º  
TELEFONO: 58 48 91  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AG**

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

**Hnos. GENDRA**

Fábrica y Oficinas:  
BASTA VALES

SANTIAGO

**Mesón - Parrillada  
A' Roda  
Hospedaje**

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elexir

Rodríguez de Viguri, 7  
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Ferretería CASAL, S.L.**

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico  
Sanitarios - Abonos químicos  
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX  
Transportes e Sección Calzados

**BASTA VALES - SANTIAGO**

**MATERIAIS DE  
CONSTRUCCION**

**E. PEDRARES MATO**


NINANS - LUAÑA  
Teléfono 89 99 74

**SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES  
PASATEMPOS**

F	I	G	U	E	I	R	A	C	O	S	I	A	T	I	R
I	T	A	D	A	S	I	N	O	R	I	R	U	L	E	O
S	O	L	U	C	C	A	I	Ñ	O	I	T	A	S	P	M
C	L	E	R	O	M	O	R	I	E	N	I	T	S	A	C
A	L	R	D	R	E	C	R	X	I	M	O	C	A	S	O
R	A	I	O	T	P	M	I	O	P	E	R	A	I	M	A
I	B	S	R	I	M	E	C	T	O	R	E	M	A	L	R
C	R	A	S	C	R	N	A	P	E	T	I	E	R	O	I
L	A	M	T	E	O	R	I	E	N	I	P	N	I	S	E
I	C	T	C	I	A	C	A	D	A	C	O	E	M	U	R
R	O	I	A	R	C	N	I	Ñ	E	R	O	I	S	A	E
I	S	C	S	A	L	G	U	E	I	R	O	R	I	O	P
M	A	P	I	L	T	E	I	X	E	A	P	O	Y	T	S
S	I	L	A	R	A	N	X	E	I	R	A	C	O	S	A

**CADRO MAXICO**

Para completar este cadro, ten que cubri-las casiñas poñendo en cada unha cifra do 1 ó 9, sen repetir ningunha, de xeito que ó sumar horizontal, vertical ou diagonalmente, a suma ten que dar 15.



**A HERENCIA DO ARABE**

Un árabe, ó morrer, deixou unha manada de camelos para que a repartisen os seus tres fillos da seguinte maneira: o máis vello levaría a metade dos camelos, o seguinte a terceira parte e o máis novo a novena parte. O reparto estaba claro e era sinxelo pero, ó ir conta-los camelos, atópanse con que son 17. Os dous irmáns maiores non lle vían xeito pero o máis novo, despois de cavilar un pouco, díxolles: "Xa fixen o reparto".  
¿Cómo o fixo?

	1	2	3	4	5	6	7	8
1	E	M	P	E	D	R	A	R
2	M	E	A	T	O	I	M	E
3	P	A	X	I	N	A	R	S
4	A	N	A	C	O	N	I	P
5	N	D	R	A	G	O	N	O
6	A	R	I	E	O	L	A	S
7	D	O	N	I	Ñ	A	L	T
8	A	S	A	M	E	N	T	A





## Pirotecnia "LOPEZ"

Teléfono 88 32 83  
LOS ANGELES

SANTIAGO

## ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS  
HORREOS  
ESCUDOS  
CHEMINEAS  
FONTES  
BANCOS  
ESCULTURAS

## PIÑEIRO

ARMADURAS METALICAS  
CERRAJERIA ARTISTICA  
*Fernando Piñeiro Dopazo*  
Distribuidor de automatismos  
CAME

TELEFONO 88 30 61

BERTAMIRANS-AMES

## EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS  
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N  
TR 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA



*Carpintería - Mobles - Electrodomésticos*  
Tel. 88 33 33 - BASTAVALES BRION  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

## FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

*José Caramés*  
*Brión (Santa Minia)*

Materiais para Construcción e Saneamento,  
Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal,  
Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio,  
Traídas de Auga, etc.

## AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10  
SERVICIO OFICIAL

SEAT

Audi



SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION  
ESTUDIOS. PROXECTOS E PRESUPOSTOS  
CONSERVACIONES, REPARACIONES  
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

ASESORIA LABORAL Y FISCAL

**FEYCA**

Seguros U.A.P.

Avda. de La Mahía, 134 - Telf. 883109  
BERTAMIRANS - AMES

**Academia "SAR"**  
(CENTRO OFICIAL DE ENSINO)

Mecanografía e Prácticas de Oficina  
(Con expedición de Diploma autorizado)  
**INFORMATICA:** Prepáranse Oposi-  
ciones para acceso á Función Pública  
**INGLES:** Recuperacións Escolares:  
E.X.B. - B.U.P. e C.O.U.

Avda. da Mahía, 134 - Telf. 88 39 25  
BERTAMIRANS

**Miele**  
ordeño

**COMAGRO**

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S.L.

INSTALACIONES DE ORDEÑO  
REPUESTOS - ACCESORIOS

CRUCE DOS ANXELES - BRION  
Teléfono 88 32 50

**MARMOLES SUAREZ**

- Granitos e mármoles
- Revestimento de fachadas
- Fabricación e colocación de toda clase  
de chanzos e peldaños

José Suárez  
Mourentáns - Viceso (Brión)  
Teléfono 89 99 51  
Fanse presupostos sen compromiso



ASOCIACION CIVIL  
AMIGOS DE SANTIAGO

**Restaurante**  
**"O' FUMEIRO"**

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)



PANADERIA

**SERRAMITO**

Os Anxeles-Brión  
Tel. 88 31 55

PINTURA \* DECORACION

**SANTIAGO OTERO**

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS  
PAPELES - MURALES  
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14-bajo  
Teléfonos 563713-594449-884012

SANTIAGO

**Construccións**

**FRAGA**

Obras de Albañilería en xeral  
BRION